



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: pmm

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18-02-2024

EXPOSICIÓN CENSO ELECTORAL

Publicada no DOG nº 243, do día 26 de decembro de 2023, a convocatoria ás ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA, a celebrar o día 18 de febreiro de 2024, en cumprimento da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, expóñense ó público as **listas do CENSO ELECTORAL** nas oficinas municipais, durante o período seguinte:

☐ Do 1 ao 8 de xaneiro de 2024.

Para a consulta dos datos de inscrición, a identificación dos/as interesados/as realizarase do seguinte modo:

- D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir.

Neste prazo calquera persoa pode presentar unha reclamación administrativa sobre os seus datos censuais, tendo tamén á disposición de aqueles/as electores/as interesados/as o impreso de solicitude de exclusión das copias do censo electoral, que se entregarán á representación das candidaturas proclamadas para o envío da propaganda electoral.

As consultas e reclamacións ao censo electoral, así como a solicitude de exclusión sinalada anteriormente, pódense facer, tamén, de xeito telemático na páxina do Instituto Nacional de Estatística (INE):

<https://www.ine.es/dyngs/CEL/index.htm?cid=41>

Infórmase ademais dos teléfonos de consulta da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, para os electores:

900 343 232 – 981 217 439.

As Pontes, a 29 de decembro de 2023

Lorena Tenreiro Blanco, concelleira delegada especial de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías dependente da concellaría de Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica.